



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Xullo 2025



DESTINOS URBANOS DE GALICIA

Xullo 2025

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	54.451	7.780	96.707	18.601	12.016	18.274	50.634
Noites	120.769	16.188	162.905	35.254	22.295	26.185	96.957
Var. Viax. 25/24	11,2%	-33,8%	-4,4%	8,4%	-6,6%	29,4%	-6,0%
Var. Noites 25/24	15,0%	-29,1%	-5,3%	13,9%	2,6%	14,5%	-10,1%
Estadía Media	2,22	2,08	1,68	1,90	1,86	1,43	1,91
Var. EM 25/24	3,4%	7,0%	-1,0%	5,1%	9,9%	-11,5%	-4,3%
% Ocupación	71,3%	47,4%	66,3%	54,5%	53,4%	62,9%	56,5%
Var. Ocupac. 25/24	10,13	-18,04	-1,02	3,43	0,95	6,69	-7,91
Prazas	5.395	1.098	7.781	2.085	1.337	1.318	5.469
Var. Prazas 25/24	-1,0%	-1,9%	-3,0%	7,4%	0,1%	1,9%	3,5%

- No mes de xullo deste ano 2025 os destinos urbanos de Galicia presentan un importante nivel de demanda. En termos globais rexístranse máis de 258 mil viaxeiros aloxados e 480 mil noites nos establecementos hoteleiros das cidades de Galicia. Supón isto que o turismo urbano representa o 36% do total da comunidade -unha de cada tres noites en Galicia-, a porcentaxe máis baixa dos últimos meses e inferior tamén á de xullo do pasado ano -en 2024 o peso do turismo urbano situábase dous puntos por encima, no 38% do total de Galicia-. No verán o peso do turismo urbano diminúe por debaixo do 40% entre outros motivos polo incremento que se produce nos restantes destinos da comunidade -litoral galego, Camiño de Santiago, etc-.
- En xullo sitúase novamente Santiago, por quinta vez consecutiva, como o destino líder do turismo urbano en Galicia -substituíndo a A Coruña que puntualmente liderou o ranking a nivel autonómico en febreiro, e a Vigo que o fixo en decembro por mor da celebración do Nadal-. Con 163 mil noites a cidade compostelá absorbe o 34% do total do turismo urbano -unha de cada tres noites- e o 12% do conxunto da comunidade. Sitúanse a continuación A Coruña -a certa distancia, con 121 mil pernoctacións- e Vigo -a maior distancia



neste caso, con 97 mil noites-. A pesar das diferenzas unha vez máis boa parte do turismo urbano concéntrase nestas tres cidades pois representan en conxunto case o 80% das noites hoteleiras urbanas de Galicia –porcentaxe similar á dos últimos meses-.

- O 20% restante concéntrase nas outras catro cidades sendo neste caso Ferrol o destino de menor volume e peso neste sétimo mes – absorbe o 3,4% do total urbano-. En síntese, o reparto territorial entre as tres grandes cidades e o resto mantense relativamente estable mais con diferenzas a nivel interno.
- En termos dinámicos rexístrase neste mes un comportamento estable da demanda a nivel urbano por canto o volume de noites no conxunto das sete cidades de Galicia mantense en niveis semellantes aos do pasado ano –nun contexto de estabilidade parella da cifra de viaxeiros aloxados-. Acontece isto por segunda vez neste ano, igual que en maio, contraponéndose ao crecemento observado no primeiro cuadrimestre e en xuño.
- Internamente obsérvase, en cambio, un comportamento variable. Así, o volume de noites increméntase en catro cidades, con maior intensidade en A Coruña e Pontevedra –ambas coa suba do 15%- e tamén en Lugo –cun incremento do 14%-, e de forma máis moderada en Ourense –presenta un crecemento medio do 3% neste caso-. O nivel de demanda descende, en cambio, nas tres cidades restantes –un 5% en Santiago, un 10% en Vigo e preto dun 30% en Ferrol-. Esta última, xunto con Vigo, acumulan sete e cinco meses consecutivos, respectivamente, de caída do número de noites, a taxas ademais importantes no caso da cidade departamental. A Coruña, en cambio, rexistra sete meses consecutivos de crecemento da demanda.
- Así pois apréciase un comportamento positivo nalgunhas das cidades que habitualmente teñen un maior peso en Galicia A Coruña neste caso-, xunto con Lugo e Pontevedra e, pola contra, caída en Vigo –a quinta consecutiva neste ano-, Santiago –similar á observada en febreiro e maio- e nalgúns dos destinos de menor relevancia en termos cuantitativos.
- O comportamento do nivel de demanda vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados con pequenos axustes en sentido positivo ou negativo da estadía media –amplifican, por exemplo, o crecemento en A Coruña e Lugo, ou a caída en Vigo-.
- En termos globais o conxunto do turismo urbano en Galicia mantense estable neste mes de xullo –fica en volumes parellos aos do pasado ano-, circunstancia que presenta en síntese un comportamento de menor intensidade que o conxunto da comunidade –onde en termos globais o nivel de demanda sobe un 3,3%-. No resto de Galicia, fóra das sete cidades, o nivel de demanda crece con maior intensidade, nun 5,6% neste caso. O diferente dinamismo leva a que o peso do turismo urbano baixe en relación ao mes de xullo do pasado ano –en case dous puntos porcentuais- situándose no 36,3% do total da comunidade.
- O turismo de ámbito nacional é maioritario en todas as cidades consideradas –circunstancia que contrasta co observado nos últimos meses-, en porcentaxes que van do 53% en Santiago a arredor do 65% en Pontevedra e Vigo, a case o 80% en A Coruña e Ferrol, e a máis do 80% en Lugo e Ourense –esta última presenta o maior peso do mercado nacional co 86% do total da demanda-.



- Acontece isto por vez primeira nos últimos catro meses, igual que de novembro ata marzo, pois xustamente de abril a xuño algunha cidade amosaba maior volume e peso do turismo internacional fronte ao nacional. A temporada media colocaba neste caso a Santiago e Pontevedra con perfís da demanda diferentes.
- Así pois, esta distribución por mercados nas cidades de Galicia -perfil da demanda no ámbito urbano- equivale á observada na temporada baixa e difire do rexistrado en abril e maio, e nos meses de temporada media do pasado ano -períodos nos que algunha cidade presentaba un perfil diferente con maior peso do mercado internacional sobre o nacional-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos dous segmentos de mercado nas sete cidades de Galicia, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo de ámbito nacional presenta un comportamento positivo en catro destinos, con incrementos de similar intensidade que van do 10% no caso de Ourense ao 14% en A Coruña. Descende, en cambio, nas tres restantes cidades con maior intensidade neste caso en Ferrol -rexistra un descenso do 29% en relación ao mes de xullo do pasado ano-.
- O mercado internacional presenta tamén unha dinámica variable, con comportamento positivo en tres cidades -de elevada intensidade en Lugo, con incrementos por encima do 30% internual, e máis suave en A Coruña e Pontevedra, onde o turismo estranxeiro sobe arredor dun 18%- . O mercado internacional mantense estable en Santiago e Vigo, e descende en cambio en Ferrol e Ourense -en máis dun 25% en ambas-.
- Desta maneira catro destinos presentan un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con incrementos paralelos para o nacional e o internacional en A Coruña, Lugo e Pontevedra e caídas de ambos mercados en Ferrol. Santiago, Ourense e Vigo amosan, en cambio, unha dinámica diferente para ambos segmentos.
- En termos globais, e para o conxunto dos destinos urbanos, o comportamento de ambos segmentos de mercado cambia levemente en relación ao pasado ano. Neste sentido descende en conxunto o turismo de ámbito nacional -nun 2,7%- mais increméntase o internacional -nun 3,9% neste caso-. Marca diferenza esta dinámica co observado no resto da comunidade -destinos de litoral e interior- onde se aprecia un crecemento de ambos segmentos de mercado -do 5% o nacional e do 10% o internacional-.
- A estadía media no conxunto dos destinos urbanos de Galicia sitúase en 1,9 noites, cifra inferior á media da comunidade e inferior tamén á media dos destinos non urbanos de Galicia -que ascende a 2,2 noites-. Este dato varía notablemente nas diferentes cidades acadando o valor máis elevado A Coruña -con 2,2 noites-, e o máis baixo Pontevedra -con 1,4 noites neste caso-. Esta última, xunto con Santiago, son xustamente as cidades con maior peso do turismo internacional e cuxo perfil se asocia en boa medida ao Camiño de Santiago.



- En termos dinámicos a estadía media increméntase en catro destinos, de forma destacada en Ourense -supera nun 10% o valor do pasado ano- e máis suave en A Coruña -un 3% neste caso-. Mantense estable en Santiago, e descende, en cambio, nas dúas restantes -un 4% en Vigo e un 12% en Pontevedra-.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos varía tamén desde o lado da oferta de aloxamento. Neste mes tres destinos rexistran un incremento do número de prazas ofertadas en relación ao pasado ano -do 7,4% en Lugo, do 3,5% en Vigo e arredor dun 2% en Pontevedra-. Ourense mantense en cifras parellas mentres que os tres destinos restantes amosan caídas en termos interanuais, moi suaves en todo caso -oscilan entre o 1% en A Coruña e o 3% en Santiago-.
- O comportamento da demanda neste contexto de evolución da oferta dispoñible tradúcese nunha variación algo dispar dos niveis de ocupación hoteleira, na liña do observado do lado das pernoctacións. Así, aprécianse melloras en tres destinos, con subas destacadas en A Coruña -do contorno dos dez puntos porcentuais- e Pontevedra -de case sete puntos-, e algo máis moderada en Lugo -de algo máis de tres puntos neste caso-. Mantense relativamente estable o nivel de ocupación en Santiago e Ourense -con variacións do contorno do punto porcentual- e, pola contra, descende en Vigo -en case oito puntos porcentuais- e en Ferrol -en 18 puntos neste caso-.
- Cun 71,3% de media A Coruña rexistra neste sétimo mes de 2025 a porcentaxe de ocupación máis elevada dos destinos urbanos de Galicia -circunstancia que acontece por vez primeira nos últimos catro meses, igual que en febreiro, substituindo a Santiago que rexistrou a porcentaxe máis alta de abril a xuño e a Ourense que lideraba este ranking en xaneiro e marzo-. Os restantes destinos rexistran unha ocupación media inferior e variable destacando Santiago cun 66,3% e Pontevedra -cun 62,9% neste caso-. Lugo, Ourense e Vigo rexistran unha media do contorno do 55%, ficando Ferrol coa cifra máis baixa -cun 47,4% neste caso-.
- No conxunto dos destinos urbanos de Galicia o nivel de ocupación hoteleira sitúase no 62,5%, sete puntos por encima da media da comunidade. En termos dinámicos mantense neste caso estable, cunha cifra case equivalente á rexistrada nos últimos dous anos mais inferior á de 2022 -cando ascendía ao 65,7%- e tamén inferior aos valores que tiña antes da pandemia -cando roldaba tamén o 66%-.
- As tarifas hoteleiras acadan os 100,1 euros de ingreso medio por habitación ocupada en Santiago, destino que por sétima vez consecutiva desde outubro do pasado ano rexistra o nivel máis elevado -substituindo a Vigo, destino que presenta as tarifas máis altas no final de 2024-. A Coruña amosa neste mes unha cifra parella, con 99,4 euros, ficando as restantes cidades con valores inferiores -máis altos en Vigo, con 94,2 euros, e inferiores unha vez máis en Lugo, con 54,4 euros de media neste caso-.
- Os prezos medios variaron de forma parella neste mes de xullo. Así todos os destinos melloran as cifras do pasado ano, en porcentaxes máis suaves e moderadas en Lugo -cun incremento medio do 1,4%- e con maior intensidade en A Coruña e Vigo -destinos onde as tarifas hoteleiras soben máis dun 10% en relación ao mes de xullo do pasado ano-.




- En termos de rendibilidade -RevPAR hoteleiro- obsérvanse melloras en todos os destinos urbanos agás en Vigo -onde se mantén estable-. Así sobe e mellora o nivel do pasado ano de forma notable en A Coruña -un 21%-, e con menor intensidade en Lugo -un 9,5%-, Ourense -un 4%- e Santiago -un 3% neste caso-. En todos os casos a mellora dos niveis de rendibilidade provén dun incremento das tarifas hoteleiras acompañado por unha mellora dos niveis de ocupación en A Coruña, Lugo e Ourense. No caso de Santiago o axuste na ocupación leva a un crecemento máis suave do RevPAR hoteleiro.
- Como consecuencia desta dinámica A Coruña colócase como o destino urbano que presenta o nivel de rendibilidade hoteleira máis elevado agora en xullo, substituíndo a Santiago -o RevPAR sitúase no contorno dos 76 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-. Con 71,8 euros sitúase precisamente Santiago, por diante das restantes cidades que presentan cifras inferiores: de 58,9 euros Vigo, con 40,8 euros Ourense e 33,8 euros de media a cidade de Lugo.
- En termos de emprego obsérvase un incremento do número de traballadores no segmento hoteleiro das cidades de Galicia en relación ao pasado ano -do 2,8%-, colocando o volume final en 3.100 neste mes de xullo -a cifra máis elevada de cando menos os últimos dez anos-.
- Esta dinámica vén de contraponer comportamentos dispares en termos de emprego, con crecemento en tres cidades -de maior intensidade en Lugo, cun 15,4% por encima do valor do pasado ano, e máis suave en Vigo e Santiago, cun 8% e 3% respectivamente-, e descenso nos restantes catro destinos -de arredor do 2% interanual en A Coruña, Ourense e Pontevedra, e do 6% en Ferrol-.




ENQUISA DE OCUPACIÓN HOTELEIRA

Destinos urbanos | Xullo 2025


Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, xullo 2025




Variación da demanda turística nas cidades. Noites xullo 2025/24



Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Xullo 2025



Nivel de ocupación e variación interanual. Xullo 2025







ENQUISA DE OCUPACIÓN HOTELEIRA

Destinos urbanos | Xullo 2025


Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, xullo 2025



Variación demanda turística, por procedencia. Noites, xullo 2025/24



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Xullo 2025



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Xullo 2025

